



<u>Decreto do ... de de 2015 polo que se regulan as novas repoboacións realizadas co xénero <i>Eucalyptus</i>, se prohiben aquelas realizadas co xénero <i>Acacia</i> e <i>Robinia</i> e se crea e desenvolve o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas para favorecer a xestión forestal sustentable</u>	2
<u>Artigo 1. Obxecto e definicións</u>	4
<u>Artigo 2. Definicións</u>	4
<u>Artigo 3. Prohibicións de novas repoboacións forestais do xénero <i>Acacia</i> e <i>Robinia</i></u>	5
<u>Artigo 4. Prohibicións de reforestacións e novas plantacións forestais do xénero <i>Eucalyptus</i></u>	5
<u>Artigo 5. Regulación das novas plantacións do xénero <i>Eucalyptus</i></u>	7
<u>Artigo 6. Presentación das autorizacións para novas plantacións do xénero <i>Eucalyptus</i></u>	7
<u>Artigo 7. Tramitación xeral das autorizacións</u>	7
<u>Artigo 8. Distancias a respectar polos rexenerados e repoboacións forestais do xénero <i>Eucalyptus</i></u>	8
<u>Artigo 9. Masas consolidadas de frondosas autóctonas</u>	8
<u>Artigo 10. Rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas</u>	9
<u>Artigo 11. Dos beneficios e obrigas das masas rexistradas</u>	9
<u>Artigo 12. Información necesaria para a inscrición no Rexistro</u>	10
<u>Artigo 13. Presentación das solicitudes de inscrición no Rexistro</u>	11
<u>Artigo 13. Consentimentos e comunicacións</u>	12
<u>Artigo 14. Datos de carácter persoal</u>	13
<u>Artigo 15. Da inscrición no rexistro das solicitudes presentadas</u>	13
<u>Artigo 16. Vixencia</u>	14
<u>Disposición adicional primeira. Da actualización de formularios</u>	14
<u>Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa</u>	14
<u>Disposición derradeira segunda. Da modificación dos anexos</u>	14
<u>Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor</u>	15



Decreto do ... de de 2015 polo que se regulan as novas repoboacións realizadas co xénero *Eucalyptus*, se prohiben aquelas realizadas co xénero *Acacia* e *Robinia* e se crea e desenvolve o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas para favorecer a xestión forestal sustentable

Segundo os datos ofrecidos polo cuarto Inventario Forestal Nacional para a Comunidade Autónoma de Galicia, 1,4 millóns de hectáreas se atopan arboradas, das cales os eucaliptais se estenden ao longo de case 288.000 hectáreas e outras 125.000 hectáreas están compostas de piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*) en mistura con eucalipto. Asemade existen máis de 20.000 hectáreas de eucalipto que se atopan misturados con carballo (*Quercus robur*).

En relación co terceiro Inventario Forestal Nacional a superficie de eucaliptais creceu de forma significativa en Galicia.

O modelo de monte de función produtiva do vixente Plan Forestal de Galicia indica como resultado de superficie para a especie eucalipto 245.654 hectáreas, polo que na actualidade esa superficie xa está superada.

Doutra banda a superficie de especies de frondosas alóctonas colonizadoras de carácter invasor, especialmente do xénero *Acacia*, empeza a ter unha presenza importante, abranguendo xa máis de 1.780 hectáreas, concentradas principalmente no distrito forestal Ribeiro-Arenteiro. Este xénero, xa ten sido obxecto de limitación e prohibición, a través do artigo 28, apartado c) do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais. Tamén a disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais condiciona a xestión da biomasa forestal á existencia desas especies e finalmente o artigo 67 apartado 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, prohíbe a sementeira ou a plantación, mesmo de pés illados, de exemplares do xénero *Acacia*.

Ás citadas acacias cómpre engadir outros xéneros que están a ter certa significación, e perante a falta dun marco legal que regule ou prohiba o seu uso, pode provocar no futuro un problema no acervo xenético forestal e na distribución e superficie doutras masas arboradas de conífera e frondosa que deben salvagardarse, nomeadamente estamos referirnos as frondosas caducifolias alóctonas do xénero *Robinia*.

Finalmente cabe reflexionar sobre a expansión tan significativa que están a ter as masas de frondosas autóctonas, onde, segundo os datos do cuarto Inventario Forestal Nacional, existen máis de 415.000 hectáreas de masas de frondosas puras ou mesturadas, principalmente compostas por individuos do xénero *Quercus spp.*, *Castanea spp.* e *Betula spp.* Ditas masas, moitas veces naturalizadas, deben ser salvagardadas mediante a súa xestión activa, á fin de conservar o seu acervo xenético e a alta biodiversidade que albergan, e tendo en consideración que dita xestión deberá ser, moitas das veces, de xeito conxunto pola existencia de varias propiedades, mediante documentos compartidos.

O artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establece un marco xeral sobre as condicións que deben cumprir as repoboacións forestais. Este artigo afonda



especialmente nas repoboacións do xénero *Eucalyptus* e *Acacia*, habilitando no seu punto segundo a posibilidade de prohibir ou limitar a repoboación de exemplares doutros xéneros cando, non tendo aproveitamento comercial relevante, se determine mediante orde da consellaría competente en materia de montes dita prohibición.

Asemade os apartados 4 e 5 do citado artigo 67 asentan as bases que regulan as reforestacións e novas plantacións co xénero *Eucalyptus*, e que deben ser obxecto dun maior desenvolvemento para a súa clarificación e regulación de xeito tal que se asegure a súa xestión sustentable, tal como reflicte o artigo 76 da citada norma.

Doutra banda a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, determina entre os contidos mínimos dun plan de ordenación de recursos forestais (PORF) o establecemento de modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas, para a xestión e o aproveitamento dos montes, baseado na análise das especies existentes, nas súas quendas de corta cando as ditas especies sexan arbóreas, e garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e que se manteña a capacidade produtiva dos montes.

O punto terceiro do artigo 76 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, establece que, previamente á aprobación dun plan de ordenación de recursos forestais, se poderán elaborar os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas por distrito forestal que se aprobarán mediante orde da consellaría competente en materia de montes para os efectos de permitir ás persoas propietarias e titulares de montes a comunicación de adhesión aos ditos modelos e referentes.

Como consecuencia o DOG nº 106, publicaba en data 5 de xuño de 2014 a Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

Dita Orde xa regula no seu artigo 7, apartados 3 e 4, que as persoas solicitantes que opten por esta comunicación de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos só poderían facelo para aqueles modelos desenvolvidos na orde ou no plan de ordenación de recursos forestais de aplicación, de existir este, e sempre que estivesen permitidos para o alcance territorial onde se atopase o predio forestal obxecto de adhesión.

Neste sentido o propio artigo 5 da citada Orde, establece como estrutura mínima que deben conter os modelos silvícolas para cada especie ou formación específica a definición do alcance territorial a través dos "*distritos forestais de aplicación, podendo concretar a exclusión de determinados termos municipais*". Deste xeito as persoas solicitantes non poderán en ningún caso comunicar a adhesión a modelos que non se atoparan incluídos na área correspondente determinada para cada modelo.

Esta articulación regulamentaria estableceuse deste xeito co obxecto de fornecer ao monte galego de figuras e instrumentos de ordenación forestal do territorio, que segundo estacións forestais axeitadas, prioricen e incluso prohiban determinadas formacións específicas ou produtos a obter, á fin de facer unha política forestal ordenada e baseada na xestión forestal sustentable e nas demandas da cadea monte-industria de Galicia.

E finalmente, dita regulamentación, novamente afonda, na defensa e fomento que xa establece, de xeito continuado, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, para as



especies de frondosas autóctonas caducifolias, dispostas no anexo I da dita lei, baseando á súa salvagarda a través do rexistro das masas consolidadas destas formacións, entendendo, a súa conservación e defensa, dende a súa xestión forestal sustentable, tal como reflicte o artigo 93 da citada Lei.

Por esta razón, este decreto crea e desenvolve dun xeito detallado o rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas, en consonancia co artigo 126 Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia . Entendendo que a salvagarda e mellora destas masas pasa, inexorablemente, por asegurar unha xestión forestal activa e continuada, segundo criterios de sustentabilidade, onde as persoas propietarias poidan aproveitar todos os recursos e servizos que emanan de ditas masas, comprometéndose a súa posta en valor, pero esperando unha corresponsabilidade de toda a sociedade galega na súa conservación, mediante un fomento e apoio, a través de instrumentos específicos, daquelas masas que se existiren.

En consecuencia, e en aplicación destes fins e atendendo á habilitación normativa contemplada no artigo 67, 93 e 126 da Lei de montes de Galicia, desenvólvese o presente decreto, destinado a regular as novas repoboacións do xénero *Eucalyptus*, prohibir aquelas do xénero *Acacia* e *Robinia* e fomentar a xestión forestal sustentable das masas consolidadas de frondosas autóctonas, optando en supostos concretos por facer reproducións literais da antedita lei para os efectos de posibilitar unha mellor comprensión desta norma.

De conformidade co exposto, por proposta da persoa titular da Consellería do Medio Rural, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 2/2007, do 28 de marzo, e 12/2007, do 27 de xullo, consultado o Consello Forestal de Galicia consonte o artigo 12 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, oído o Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do XX de XX de dous mil quince,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e definicións

O obxecto deste Decreto, no ámbito de aplicación da Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia, é:

- a) Regular e ordenar as novas plantacións realizadas co xénero *Eucalyptus*.
- b) Impedir aquelas outras, que polo seu carácter invasor, sexan realizadas con individuos pertencentes ao xénero *Acacia* e *Robinia*.
- c) Crear e desenvolver o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas para favorecer a xestión forestal sustentable.

Artigo 2. Definicións

Para os efectos deste decreto, reitérase as seguintes definicións contidas nos artigos 2 e 8 da Lei de montes de Galicia, definíndose os seguintes termos:



1. Masas consolidadas de frondosas autóctonas: aquelas masas de frondosas do anexo 1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos, quedando excluídas as plantacións forestais, de acordo co artigo 93 de dita lei.

2. Monte ou terreo forestal, tal como dispón o artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, terá dita condición todo terreo en que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou que procedan de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas, sociais ou recreativas, sen prexuízo do disposto no apartado 2 de dito artigo.

3. Órgano forestal: órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes, definido así na norma que estableza a estrutura orgánica da consellería con competencias en materia de montes, de acordo co establecido no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

4. Repoboación forestal: introdución de especies forestais arbóreas ou arbustivas nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación ou reforestación, de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

5. Reforestación: reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos, de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

6. Rexeneración forestal: renovación dunha masa arborada por procedementos naturais ou artificiais, de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

CAPÍTULO II. PROHIBICIÓNS DE NOVAS REPOBOACIÓNS

Artigo 3. Prohibicións de novas repoboacións forestais do xénero Acacia e Robinia

Consonte a habilitación normativa establecida no artigo 67.2 da Lei de montes de Galicia, queda prohibida a sementeira ou a plantación con exemplares do xénero *Acacia* e *Robinia*, mesmo de pés illados, en:

- a) Todo terreo forestal ou agrícola e en
- b) Zonas de influencia forestal definidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Artigo 4. Prohibicións de reforestacións e novas plantacións forestais do xénero Eucalyptus

1. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións co xénero *Eucalyptus* naquelas superficies poboadas por especies do anexo 1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, incluso con posterioridade ao aproveitamento das especies do anexo 1 ou á súa afectación por un incendio forestal.



A vulneración desta prohibición é constitutiva da infracción que tipifica o artigo 128.i.2 da Lei 7/2012.

2. Quedan prohibidas as reforestacións e as novas plantacións forestais co xénero *Eucalyptus*, naquelas masas compostas por formacións arbóreas onde estean mesturados ou intercalados pés maiores pertencentes a especies do anexo II deste decreto con pés maiores do xénero *Eucalyptus*, cando, estes últimos integren unha porcentaxe de individuos inferior ao 30% do total da masa. Esta prohibición aplicarase incluso con posterioridade ao aproveitamento final desa masa mixta ou á súa afectación por un incendio forestal.

Para estes efectos consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros.

Esta prohibición non será de aplicación cando posteriormente á reforestación ou rexeneración forestal dunha masa do xénero *Eucalyptus*, aparecese, de xeito natural, un piso inferior ou sotobosque composto de pés menores de especies do anexo II deste decreto.

A vulneración desta prohibición é constitutiva da infracción que tipifica o artigo 128.i.2 da Lei 7/2012.

3.- Só estarán permitidas as reforestacións e as novas plantacións co xénero *Eucalyptus*, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento final, cando os plans de ordenación de recursos forestais dos distritos forestais, desenvolvidos no artigo 76 Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, establezan modelos silvícolas orientativos para a xestión e o aproveitamento dunha determinada especie ou especies de eucalipto.

Os plans de ordenación de recursos forestais dos distritos forestais poderán delimitar a aplicación dun modelo silvícola orientativo para determinadas áreas territoriais a nivel de concello ou concellos dentro do propio distrito.

A vulneración desta prohibición será constitutiva da infracción que tipifica o artigo 67.I da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

4.- Só estarán permitidas as reforestacións e as novas plantacións do xénero *Eucalyptus*, mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento final cando, á falta de ditos plans de ordenación de recursos forestais para o distrito forestal onde se atope a superficie obxecto de reforestación ou de nova plantación, existise unha orde da consellaría competente en materia de montes que regulase a posibilidade de adherirse a un modelo silvícola dunha determinada especie ou especies de eucalipto.

Dita orde poderá delimitar a aplicación dun determinado modelo silvícola orientativo, para determinadas áreas territoriais a nivel distrito forestal ou incluso, dentro do propio distrito, a nivel de concello ou concellos.

A vulneración desta prohibición será constitutiva da infracción que tipifica o artigo 67.I da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

CAPÍTULO II. REGULACIÓN E ORDENACIÓN DE NOVAS PLANTACIÓNS DO XÉNERO EUCALYPTUS



Artigo 5. Regulación das novas plantacións do xénero Eucalyptus

1. As novas plantacións que se realicen co xénero *Eucalyptus* superiores ás 5 hectáreas precisarán de autorización da Administración forestal. A solicitude de autorización presentárase consonte co modelo que establece o anexo I deste decreto. Nesta solicitude deberá especificarse a referencia catastral ou referenzas catastrais afectadas pola nova plantación. No caso de non incluírse esta referencia ou referenzas a solicitude entenderase inadmitida, sen necesidade de requirimento previo e sen prexuízo da resolución que posteriormente se dite..

O incumprimento desta obriga é constitutivo da infracción que tipifica o artigo 128.i.2.

2. Non será preciso obter a dita autorización nos supostos de reforestación ou rexeneración de masas preexistentes de *Eucalyptus*, ou cando a reforestación estea incluídas na planificación dun instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola administración consonte o artigo 81 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

3. En todo caso, as repoboacións forestais estarán suxeitas aos supostos previstos na Lei 21/2013, do 11 de decembro, de avaliación ambiental.

Artigo 6. Presentación das autorizacións para novas plantacións do xénero Eucalyptus

1. As solicitudes de autorización, dirixidas á persoa titular órgano forestal da Comunidade Autónoma, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación de ditas solicitudes de autorización será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

2. Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes de autorización en soporte papel por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado disposto no anexo I deste decreto.

Artigo 7. Tramitación xeral das autorizacións

1. As solicitudes de inscrición e a documentación que as acompañan presentáranse de conformidade co modelo establecido no anexo I deste decreto.

2. Os prazos nestes procedementos de autorización computáranse desde a data na que a solicitude tivese entrada no rexistro da xefatura territorial da Xunta de Galicia onde se sitúe o terreo obxecto de solicitude de plantación e estará dirixida ao órgano forestal da Comunidade Autónoma .

3. Tras o informe técnico do servizo con competencias en materia de montes da correspondente xefatura territorial, a persoa titular da dita xefatura territorial propondrá conceder ou denegar, de forma motivada, a solicitude de autorización. O órgano forestal da



Comunidade Autónoma, á vista de dita proposta, resolverá nun prazo máximo de tres meses, a solicitude de autorización, resolución que será notificada á persoa solicitante nos termos establecidos no artigo 59 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Transcorrido dito prazo se entenderá autorizada dita solicitude por silencio administrativo.

4. Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reunise os requisitos necesarios, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada ao efecto. O requirimento suspenderá o prazo para resolver o procedemento desde a súa notificación á persoa solicitante ata o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou, no seu defecto, ata que transcorra o prazo concedido.

5. A tramitación desta solicitude de autorización non escusa á persoa interesada da obtención de calquera outro permiso ou autorización que estableza a lexislación sectorial vixente noutra materia.

*Artigo 8. Distancias a respectar polos rexenerados e repoboacións forestais do xénero *Eucalyptus**

1. En aplicación do disposto no artigo 68, a disposición adicional cuarta e a disposición transitoria décima da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a rexeneración forestal logo de aproveitamento forestal ou logo da súa afectación por incendios, pragas ou outros desastres naturais deberán respectar as distancias previstas no anexo II de dita norma, polo que terá o carácter de nova repoboación forestal para estes efectos.

As repoboacións forestais deberán, así mesmo, respectar as distancias previstas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño.

O incumprimento destas obrigas é constitutivo da infracción que tipifica o artigo 128.i.4 da Lei 7/2012.

2. En aplicación dos artigos 20 e seguintes da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, non poderá haber árbores do xénero *Eucalyptus* nin procedentes de novas repoboacións, nin procedentes de rexenerados que vulneren as distancias contempladas nesta lei para as faixas de xestión de biomasa.

O incumprimento desta prohibición é constitutivo das infraccións que tipifica o artigo 50.2, parágrafos 1), 2) e 3).

CAPÍTULO III. REXISTRO DE MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS

Artigo 9. Masas consolidadas de frondosas autóctonas

1. A Administración forestal inscribirá no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas aquelas masas arbóreas:

- a) Compostas de frondosas que figuren no anexo II deste decreto, Situadas en montes ou terreos forestais públicos ou privados.



- b) Cunha superficie en couto redondo igual ou superior ás quince hectáreas.
 - c) Cunha idade media igual ou superior aos vinte anos,
2. Quedan excluídas da inscrición as masas consolidadas de frondosas autóctonas que procedan de plantacións forestais, por tanto de carácter artificial, aínda que cumpran os requisitos que se indican no parágrafo anterior deste artigo.
3. Co obxecto de asegurar a sustentabilidade destas masas, será necesario, para a súa xestión, dispoñer dun documento de xestión forestal aprobado pola Administración forestal de conformidade co Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia que abrangan, cando menos, a superficie total da masa obxecto de rexistro.

Artigo 10. Rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas

1. Regúlase o Rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas en desenvolvemento do artigo 93 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Este rexistro forma parte do sistema rexistral de Galicia, que foi creado no artigo 126 da dita norma.
2. O Rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas ten carácter administrativo e público. Calquera persoa pode acceder aos datos inscritos, sempre e cando non exista impedimento por norma limitativa e acredite ter un dereito ou interese lexítimo no seu coñecemento, de conformidade co establecido no capítulo III do Título I da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
3. A inscrición no Rexistro das masas consolidadas de frondosas autóctonas non atribúe presunción de ningún tipo con respecto á propiedade ou posesión dos bens inscritos ou á titularidade dos dereitos que afectan ou poden afectar ás masas obxecto de inscrición neste Rexistro. Estas cuestións, ou outras de análoga natureza, serán dirimidas perante á xurisdición ordinaria consonte aos procedementos civís, mercantís ou penais á vista do caso concreto do que se trate.

Artigo 11. Dos beneficios e obrigas das masas rexistradas

1. Aquelas masas consolidadas de frondosas autóctonas que estean rexistradas gozarán dos seguintes beneficios:
- Terán prioridade na concesión de axudas públicas, especialmente para que se doten dun instrumento de ordenación ou xestión forestal que regule os seus aproveitamentos dunha forma sustentable.
 - Favoreceranse, por entender que é o piar principal para a súa conservación, a súa xestión forestal activa, mediante actuacións de mellora e aproveitamento continuadas, seguindo os modelos silvícolas establecidos para as especies principais que compoñan as súas masas.
 - Poderán ser obxecto de contratos públicos de xestión forestal ao abeiro do artigo 123 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.



- Promoverase a súa xestión mediante sociedades de fomento forestal definidas no artigo 122 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Fomentarase a divulgación dos seus valores á sociedade galega.

2. As masas consolidadas de frondosas autóctonas rexistradas estará suxeitas as seguintes obrigas:

- a) Deberán ser obxecto dunha xestión forestal activa a través dun instrumento de ordenación ou xestión forestal sostible.
- b) Non poderá efectuarse un cambio de especie forestal a especies non incluídas no anexo II deste decreto,
- c) O seu manexo tenderá a fomentar e manter a súa riqueza específica asegurando a súa rendibilidade económica e favorecendo o beneficio social que está producir a toda a sociedade galega.

Artigo 12. Información necesaria para a inscrición no Rexistro

1. A solicitude de inscrición no Rexistro conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Identificación da persoa titular: nome apelidos e NIF das persoas titulares, así como réxime de titularidade de cada unha delas.
- b) No caso de actuar por medio de persoa representante, nome, apelidos e NIF da persoa representante.
- c) Enderezo a efectos de notificacións, teléfono de contacto e enderezo electrónico.
- d) Superficie total en couto redondo, expresada en hectáreas.
- e) Identificación da referenzas catastrais obxecto da superficie, coa vinculación para cada unha delas da persoa ou persoas titulares.
- f) Especie ou especies de frondosas autóctonas do anexo II incluídas na masa consolidada de frondosas autóctonas para a que se solicita a inscrición no Rexistro, con expresión da idade media estimada de cada unha destas especies.

2. A solicitude de inscrición no rexistro, debidamente cumprimentada, deberá ir acompañada da seguinte documentación, segundo corresponda:

- a) Con carácter xeral achegarase un plano de localización, desagregado por parcelas catastrais, no que se reflecta, como mínimo, a superficie obxecto da solicitude de inscrición e os seus lindeiros. Poderase completar esta información coa relación de parcelas e recintos do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC), que compoñen a masa.
- b) No caso de que a persoa ou persoas solicitantes non autoricen ao órgano xestor a consulta dos datos da súa identidade, ditas persoas estarán obrigadas a achegar, xuntamente á solicitude, copia do seu documento nacional de identidade.



- c) No caso de actuar por medio de persoa representante, acreditación da súa representación por calquera medio de proba considerado como válido en dereito, poder notarial, autorización do titular ou documento de análoga natureza considerado como suficiente no tráfico xurídico mercantil.
- d) Para comunidades de montes veciñais en man común: Acordo previo da asemblea xeral da comunidade propietaria, ben por medio da copia da acta da asemblea ou ben por medio de certificación expedida polo secretario/a da comunidade, no que conste a autorización ao presidente/a da comunidade para solicitar a inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.
- e) Para varios propietarios en réxime de pro indiviso e comunidades de bens: Documento privado no que se acredite o consentimento de todos os propietarios e a designación dun representante de cara a presentación da solicitude de inscrición no Rexistro e toda a tramitación relacionada coa devandita solicitude.
- f) Para Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR): Copia da resolución de inscrición no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal e acordo previo da asemblea xeral, ben por medio da copia da acta da asemblea ou ben por medio de certificación expedida polo secretario da sociedade, no que conste a autorización ao presidente do consello de administración para solicitar a inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.
- g) Para Administracións locais: Acordo previo adoptado en sesión plenaria, por medio de certificación expedida polo secretario da Administración titular, no que conste a autorización para solicitar a inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas.

3. No caso de masas consolidadas de frondosas autóctonas estean situadas en montes ou terreos forestais propiedade da Xunta de Galicia, serán inscritas de oficio a proposta do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio tras informe técnico do servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente.

Artigo 13. Presentación das solicitudes de inscrición no Rexistro

1. As solicitudes de inscrición irán dirixidas á persoa titular do órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio onde se sitúe a masa consolidada de frondosas autóctonas. Deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



4. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Para presentar as ditas solicitudes utilizarase o Anexo III do presente decreto.

6. A tramitación destas solicitudes de inscrición requirirá a incorporación dos datos ou documentos complementarios relacionadas no artigo anterior.

7. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

8. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da comunicación, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e número ou código único de rexistro.

Artigo 13. Consentimentos e comunicacións

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.



Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 14. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta comunicación, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Rexistro forestal" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o órgano forestal. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante , mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: San Lázaro s/n - 15703 Santiago ou a través dun correo electrónico a mediorural.montesgalicia@xunta.es.

Artigo 15. Da inscrición no rexistro das solicitudes presentadas

1. Recibida a solicitude o órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio remitirá ao servizo competente en materia de montes da xefatura territorial correspondente para que elabore un informe técnico.

No caso de existir omisións, erros ou deficiencias, darase un prazo de dez días ás persoas interesadas para que realicen a súa subsanación, advertíndolles que de non presentar en tempo dito requirimento seralle tido por desestimada, abríndose en calquera caso, de así o desexar, a vía contencioso administrativa.

2. Á vista do informe técnico elaborado o órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio realizará una proposta de resolución motivada de aceptación ou desestimación da solicitude cursada perante o órgano forestal.

3. Recibida a proposta de resolución, o órgano forestal resolverá nun prazo de máximo de tres meses a contar desde a data na que tivo entrada a solicitude de inscrición no rexistro da xefatura territorial competente en materia de montes onde se sitúa o terreo obxecto do inscrición ou a meirande parte deste, de abranguer varias provincias. En caso de que o contido da resolución sexa desestimatorio, motivaranse axeitadamente as causas que levaron á desestimación da solicitude de inscrición no Rexistro.

4. A resolución notificarase ás persoas interesadas no prazo de dez días a contar desde a data da súa emisión, e de conformidade co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

5. A resolución deste procedemento non esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor, no seu caso, recurso de alzada perante a persoa titular da consellería competente en materia forestal, no prazo dun mes a contar desde a data de perfección da notificación da resolución obxecto de recurso, ou no prazo de tres a contar a partires do día seguinte a aquel no que, de acordo co establecido no artigo 13.2, prodúzanse os efectos do silencio administrativo.



6. Unha vez que sexa firme a resolución de inscrición, a masa para a que se solicitou a súa inscrición será incorporada ao Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, asignándolle a correspondente clave rexistral, que corresponderase co código da provincia, o do concello e un número correlativo.

Artigo 16. Vixencia

A inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas manterá a súa vixencia en tanto non se proceda a súa cancelación ou baixa, sen prexuízo das modificacións que procedan.

Disposición adicional primeira. Da actualización de formularios

Habilitase a persoa titular do órgano forestal para modificar ou actualizar os formularios na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen publicar novamente o formulario no DOG no suposto de que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial deste. Para tales efectos consideraranse modificacións non substanciais aquelas que afecten aspectos formais ou técnicos como, entre outros, a determinación dos documentos que se deben presentar, as correccións e melloras de carácter gramatical e sintáctico ou aquelas derivadas da aplicación dos preceptos contidos nos artigos desta norma. En ningún caso estas modificacións poderán afectar o contido dos ditos formularios.

Por conseguinte, para a presentación das solicitudes será necesario utilizar os formularios normalizados, que se publican como anexo só para efectos informativos, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente actualizados e dispoñibles para as persoas interesadas.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.

Facúltase á persoa titular do órgano forestal para ditar cantos actos e instrucións sexan precisos para a aplicación do disposto neste decreto.


Disposición derradeira segunda. Da modificación dos anexos

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de montes para a modificación dos anexos deste decreto, sempre que a dita modificación estea fundamentada en calquera dos principios xerais incluídos no artigo 3 deste decreto e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación e
Produción Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es



Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

O presente decreto entrará en vigor aos tres meses dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Santiago de Compostela, XX de XX de dous mil quince

Alberto Núñez Feijóo Presidente

A conselleira do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación e
Producción Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es



ANEXO I. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA NOVAS PLANTACIÓNS DO XÉNERO EUCALYPTUS EN SUPERFICIES SUPERIORES ÁS 5 HECTÁREAS

(ver doc Anexo)



ANEXO II. ESPECIES DE FRONDOSAS CADUCIFOLIAS QUE COMPOÑEN AS MASAS OBJECTO DE REXISTRO

Ameneiro: *Alnus glutinosa* (L.) Gaetrn.

Pradairo: *Acer pseudoplatanus* L.

Bidueiro: *Betula sp.*

Freixo: *Fraxinus excelsior* L.

Freixa: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castiñeiro: *Castanea sativa* Mill.

Castiñeiro híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta)

Cerdeira: *Prunus aviun* L.

Carballo: *Quercus robur* L.

Cerquiño: *Quercus pyrenaica* Will.

Sobreira: *Quercus suber* L.

Carballo albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Aciñeira: *Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.

Abeleira: *Corylus avellana* L.

Faia: *Fagus sylvatica* L.

Umeiro: *Ulmus glabra* Huds.

Ulmus minor Miller.

Loureiro: *Laurus nobilis* L.

Sorbeira do monte: *Sorbus aria* L.

Capudre: *Sorbus aucuparia* L.

Nogueira: *Juglans regia* L.

Érbedo: *Arbutus unedo* L.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación e
Producción Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es



ANEXO III. SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO DE MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS

(ver doc Anexo)